

O xornalismo dixital

O xornalismo contemporáneo enfróntase, ó meu modo de ver, a unha encrucillada con dúas vertentes: unha de fondo e outra de forma. De fondo, porque a evolución sociopolítica levou aparellada cambios significativos nas últimas décadas, que teñen afectado significativamente ó xeito de facer xornalismo. Antes, a noticia *era* do xornalista, que acudía ó lugar onde ésta se producía. Alí observaba, valoraba, recollía a información e voltaba á Redacción, onde se dispuña á súa elaboración, na que ás veces introducía datos engadidos que podía pescudar en outras fontes a través da vía telefónica.

Eso practicamente pasou á historia. Agora, agás feitos moi concretos que xurden de improviso e que, ademáis, teñan gran impacto, o resto das informacións veñen feitas. Nos organismos oficiais, empresas ou corporacións dispoñen de gabinetes de comunicación nos que dan a noticia elaborada e cos soportes electrónicos correspondentes (*pen drive* ou *cd* con texto e gráficas, cortes de voz para os medios audiovisuais, etc.). Naturalmente o contido responde de xeito exclusivo ós intereses da fonte proporcionadora da información, ausente xa non de autocrítica, senon de calquera elemento que poidera apoiar a dúbida sobre o afirmado.

Outra fórmula é a das roldas de prensa, nas que a fonte informante tamén aporta información meramente interesada, en tanto que as preguntas dos xornalistas que non coincidan ca línea argumental do comparecente son desviadas ou non respostadas directamente. Aínda hai outra versión máis perversa que está adquirindo corpo nos últimos tempos: as comparecencias para ler o que o protagonista quere, sen admitir nengún tipo de pregunta ou cuestionamento da línea oficial. De xeito incomprensible, tan inaceptable e asoballante actitude para os profesionais non está tendo ata o de agora ningún tipo de resposta no noso colectivo e, tal como imos, dubido moito que a vaia ter.

(Compre abrir eiquí un paréntese para decir que a esta situación que oculta e mutila aspectos ás veces fundamentais da información, non son alleas as empresas, preocupadas por elaborar o produto co mínimo de xente posible e co menor custe posible. Diste xeito, aparecen publicadas moitas, a maioría, das noticias que non contan ca participación presencial do xornalista que as elabora, que se suxeta –ás veces obrigado polas circunstancias nas que se traballa no seu medio- as aportacións que fan os protagonistas interesados ou quen os substitúen; ou sexa, os gabinetes de comunicación.

Hai somentes unhas semanas cumpríronse 25 anos dunha rebelión de xornalistas no concello de Vigo, aó negarse os profesionais a aceptar a versión dunha noticia que afectada ó alcalde –o ínclito Manoel Soto- facilitada polo seu xefe de prensa. Incluso fixeron público un manifesto no que rexeitaban o solapamento que se intentaba facer do seu labor. Bueno, miremos a situación actual, e darémonos conta de que esa reacción sería impensable. É máis, os

profesionais máis xóvenes poderían pensar que as cousas sempre foron como agora).

Pero volvamos ó obxecto desta intervención que é a do xornalismo dixital. As novas tecnoloxías foron incrustándose na nosa profesión, dando lugar a circulación de informacións a través da rede. Esta evolución foi mirada de xeito refractario pola prensa española e só cuando xa o touro nos tiña medio empitonados, os medios foron incorporando as publicacións en formato web, o que deu lugar o xornalismo dixital. As primeiras experiencias tiveron lugar a principios da década dos noventa. Permítaseme un paréntese persoal. A primeira vez que eu participei nun cursiño sobre Internet foi en 1995 na universidade de Santiago. Ás explicacións teóricas sucedéronse as primeiras clases prácticas e para elo, entrábamnos sempre nas páxinas do Museo do Louvre ou da Universidade de Ciudad del Cabo, as máis desenroladas da época é ás que, descoñezo a razón, era máis doado acceder. Debo engadir no meu cargo que me entusiasinou aquela posibilidade de escribir correos instantáneos a alguén, poder manter conversas a través do ordenador, ou acceder a sitios para min inverosímiles ata entón, como podía ser a citada Universidade de Ciudad del Cabo. Quero dicir que estaba todo moi ben, pero non acababa de ver a utilidade práctica para o xornalista. Pasaron quince anos e queda eiquí demostrado que a miña capacidade para atisbar por onde iban os tiros foi certamente preocupante.

Por tanto, maioritariamente, a tecnoloxía dixital foise colando nas Redaccións, sen que naide fose á súa pescuda. Só ca evidencia, empezou o aproveitamento das súas posibilidades. No que atinxe ás edicións webs, aínda hoxe limítanse ó volcado de contidos das edicións impresas ou emitidas por canles audiovisuais. Están concebidas, pois, como un apoio do que se considera labor principal, que é a do xornalismo tradicional. É certo que naceron xornais dixitais, aínda que en Galicia non son relevantes e mesmo algunha experiencia como a de A Nosa Terra acabou coma o *rosario da aurora*.

E con esta evolución supersónica das novas tecnoloxías, ¿cal é o futuro? Non existe plena coincidencia entre os expertos, pois as posicións van dende quenés consideran que o xornalismo tradicional ten sobre sí unha sentenza de morte máis ou menos longa, ata os que sosteñen que se producirá unha convivencia armónica a base da especialización: a noticia no senso máis estricto da palabra é de Internet, mentras que a análise e a reflexión quedaría en mans dos xornais impresos. Radios e televisións xa teñen evolucionado neste eido, con vocación maioritaria de entretemento e diversión en detrimento da información pura.

Sin embargo, calquera vaticinio parece arriscado, e non só atendendo a miña proverbial falla de perspectiva, senon incluso a dos expertos teóricos. Lembremos que a radio precisou de cáseque cuarenta anos en acadar 50 millóns de ointes no mundo, en tanto que a televisión precisou de trece anos para chegar á mesma cifra. Internet, en apenas os catro que van de 1991 a 1995, que coincidiron ca súa primeira expansión, acadou os 50 millóns de usuarios.

Hai quen xa pon sobre a mesa a propia definición de *xornalista*, que non afecta só ós xornalistas dixitais, senon á profesión enteira. Dí Salaberría que ata fai pouco, os xornalistas eran *os que informaban, os profesionais da información*. Para Quim Gil, por exemplo, “o verdadeiro xornalismo dixital sería o xornalismo en rede, xa que íste *rompe coa comunicación lineal e unidireccional* e implica cambios fundamentais respecto das rutinas do xornalismo tradicional.

A opinión maioritariamente implantada sobre o xornalismo do futuro, ou o xornalista, millor dito, é a que apunta a que ésta “non está situada na simple elaboración de publicacións dixitais, nin na elaboración de contidos. O verdadeiro traballo do xornalista dixital estaría na xestión da información; é dicir, a análise e xerarquía da mesma. Lembremos que con Internet o problema non é a falla de información, senon saber distinguir o significativo do irrelevante no inmenso caudal de contidos.

Aceptando este teoría, os grandes retos pasarían por aprender o uso e os beneficios das novas tecnoloxías e os recursos de Internet, cabalgando permanentemente sobre a súa evolución; ser cada vez máis preciso, directo e sintético no traballo, pois é sabido que a rede, como xa se dixo, é un maremagnum de información de toda condición e mesmo abertamente contradictoria sobre un mesmo feito. Engadamos, ademáis, a falla de control e lexislación sobre as fontes. O xornalista dixital terá que buscar novas fontes, pero á vez debe comprobar que sexan en realidade quenés dín ser. A súa selección de fontes será unha garantía para a súa clientela.

Eiquí o mesmo Quim Gil rescata o cerne do xornalismo tradicional, para afirmar que o xornalista dixital ten que “proporcionar o contexto mediante a propia investigación directa e o resultado de búsquedas en Internet respetando o dereito de autor”. Sitúa tamén como imprescindible a necesidade de valorar, aprender e aplicar os coñecementos dos diseñadores gráficos, en beneficio da nosa información –a do xornalista-, pero sobre todo, en beneficio do correcto acceso a ela por parte do usuario.

Poderíamos falar entón dun perfil definido do xornalista dixital, para o que se debe contar ca imprescindible participación das empresas. O produto debe ser servido adaptado ás necesidades dos usuarios. Para elo hai que emplear profesionais con creatividade, entusiasmo e ganas de innovar en fórmulas xornalísticas máis próximas ás preferencias dos usuarios. Eiquí xogarán, xa o xogan hoxe, un papel importante os denominados *equipos interdisciplinares* formados por xornalistas, informáticos e diseñadores, que conxuntamente crean interesantes produtos informativos utilizando recursos variados (texto, audio, vídeo, infografía, etc.).

Polo tanto, o futuro do xornalismo leva incorporadas importantes doses de incógnita, ó meu modo de ver, pero cecais non moi superior á de outros tempos, de xeito que as novas tecnoloxías serán unha ferramenta á que deberemos adaptarnos para manexalas e sacarles o mellor partido posible. Falando de ferramentas, actualmente xa é posible, por exemplo, consultar *on line* a traducción ó galego, mediante unha aplicación de Ir Indo, consistente nun

doble clic sobre a palabra desexada. Funciona no Xornal de Galicia e tamén en A Nosa Terra, aínda que esta última xa se sabe que ten o futuro moi negro.

Polo tanto, haberá xornalismo dixital bó, e xornalismo dixital malo. A diferenza estará nos medios a utilizar, pero sobre todo, na capacidade do propio profesional, e eso naide no lo poderá quitar. Debemos facernos imprescindibles, sin abdicar nunca das nosas propias responsabilidades e capacidades para captar e contar de xeito interesante e, sobre todo, veraz, as cousas que pasen no noso arredor. Como ata agora.